

BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PEÓNS PROGRAMA **RURAL ACTIVO 2026**, AXUDA CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN AO ABEIRO DA ORDE DO 22/04/2026.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da convocatoria - conforme ao previsto nos artigos 12 e 13 da Orde do 22/01/2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG nº24 de 05/02/2026) – a contratación con carácter laboral temporal de traballadores desempregados, á xornada completa (100%), para os seguintes postos:

POSTOS	OBRA/SERVIZO	DURACIÓN	XORNADA
3 Peóns Forestais	Limpeza e Mantemento de Vías e Parcelas	9 Meses	100%

O sistema de selección dos traballadores levarase a cabo da forma prevista no artigo 14 da devandita Orde do 22/01/2026, polo que se formulará a correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. Non se requirirá polo tanto a presentación de instancias.

O concello dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección mediante o correspondente anuncio no Taboleiro municipal de edictos, no Taboleiro da sede electrónica do concello <https://begonte.sedelectronica.es/info.0> e na súa páxina web. <http://www.concellodebegonte.es/gl/concello/emprego>.

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional :

- Peón forestal: limpeza e roza das masas forestais de titularidade municipal eliminando combustible vexetal e maleza, recollida da biomasa xerada, acondicionamento e mantemento das rutas de sendeirismo do concello, tarefas de limpeza e mantemento de vías (roza) e tarefas de reparación e mantemento de infraestruturas municipais.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de realización do proceso de selección:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, nos termos do disposto no art. 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. (Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro).
- b) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.



- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego a que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- f) Ser desempregado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego e figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego correspondente.
- g) Os aspirantes que non teñan nacionalidade española e poidan participar nesta convocatoria, deberán, igualmente, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE:

- a) Copia autenticada do DNI ou NIE.
- b) Copia autenticada da Tarxeta de demandante de emprego.

Esta documentación poderá achegarse o día da selección ou con anterioridade, nas oficinas municipais, e en todo caso con carácter previo á realización no seu caso da correspondente proba.

4.- TRIBUNAL E DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN:

4.1.- Tribunal de Selección:

A Tribunal de Selección estará integrada polos seguintes membros: 1 Presidente, 1 Secretario e 3 Vogais todos eles funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública. Por cada titular designarase un suplente. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario, e ademais deberá contar polo menos coa metade dos seus membros.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da



aplicación das bases da presente convocatoria, serán resoltos polo Tribunal, por maioría.

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarse no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e na súa páxina web.

(<http://www.concellodebegonte.es/gl/concello/emprego>.), indicando o día, hora e lugar en que se reunirá e terá lugar o comezo da proba.

4.2. Desenvolvemento do Proceso de Selección

Fase de Oposición:

O procedemento de selección será o de oposición, consistente na realización dunha proba teórica escrita cun cuestionario tipo test con 20 preguntas as que se sumaran 5 preguntas máis de **reserva** que se terán en conta solo para casos de anulación das preguntas ordinarias e para casos de empate na puntuación obtida na proba. Cada pregunta terá tres respostas posibles das que solo unha será a correcta, referidas ao contido do programa da convocatoria relacionado no anexo I.

Tempo máximo para a realización da proba teórica será de 30 minutos, cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superala obter unha puntuación mínima de 5 puntos, valorándose as correctas con 0,50 puntos, as incorrectas restaran 0,25 e as non contestadas non penalizarán.

A celebración da proba teórica para a selección do Peón terá lugar, na Sala de Formación de antiga Cámara Agraria (sita na Praza Irmáns Souto Montenegro) e na data anunciada previamente no taboleiro de edictos do concello, Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Begonte e na páxina web, coa designación dos membros do tribunal.

Os aspirantes deberán ir provistos do DNI ou NIE (segundo Base 1 a)), ou, no seu defecto, co pasaporte ou carné de conducir.

5.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

A Tribunal de Selección, realizada a proba, e ca puntuación obtida formulará a proposta de contratación, sen que esta poida superar o número de postos convocados.

En caso de empate na puntuación final, terase en conta a maior puntuación nas 5 preguntas que se sumaron as 20. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

A proposta de contratación notificarase ao aspirante seleccionado e publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello.

Concederase un prazo de 2 días hábiles, a contar desde a publicación para a presentación de reclamacións.

Non obstante, para o caso de que se produza a renuncia dos aspirantes seleccionados, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral, así como para a cobertura de posibles baixas, substitucións,



etc, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante que maior puntuación obtivese de acordo coa resultante da cualificación final obtida polos aspirantes que superaron o proceso selectivo.

6.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os aspirante proposto para ser contratado, dentro do prazo de dous días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do concello e páxina web do concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións do aspirante acreditarase coa seguinte documentación:

- a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- c) Copia da tarxeta da seguridade social e certificación número de conta bancaria.

7.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Constatado mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente resolverá a favor dos aspirantes propostos e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal a xornada completa, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

8.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

No non sinalado nas presentes bases de selección serán de aplicación as seguintes disposicións :

- Orde do 22/01/2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG nº24 de 05/02/2026) – a contratación con carácter laboral temporal de traballadores desempregados.
- Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

9.- RÉXIME DE RECURSOS.-

A presente convocatoria e cantos actos administrativos que dela se deriven, así como das actuacións do Tribunal de selección, poderán ser impugnados polos/as interesados/as, nos casos e no xeito previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na vixente lexislación da xurisdición contencioso administrativa. (Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa).

En Begonte,

O Alcalde

Asdo. José Ulla Rocha.



ANEXO I TEMARIO

- 1 ° A Organización Municipal: Órganos e Competencias.
- 2 ° Concello de Begonte: Poboación, Situación Xeográfica, Parroquias, Barrios e Vías de Comunicación, Turismo e Patrimonio.
- 3 ° Funcións principais dun peón forestal
- 4 ° Conceptos de Biomasa e silvicultura.
- 5 ° Maquinaria, útiles e ferramentas do peón forestal.
- 6 ° Nocións básicas de seguridade e hixiene no traballo. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos laborais.

